

RESUMO DOS PUNTOS A TER EN CONTA PARA INSCRIBIRSE NA PROBA.

DATAS PARA A MATRÍCULA:

- Primeira convocatoria: **Do 6 ó 16 de marzo de 2023**, ambos os dous incluídos.
- Segunda convocatoria: **Do 3 ó 10 de xullo de 2023**, ambos os dous incluídos.

As persoas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sin que teñan que presentar nova documentación

DATAS DOS EXAMES:

- Primeira convocatoria: **19 de maio de 2023**
- Segunda convocatoria: **1 de setembro de 2023**

HORARIOS DOS EXAMES: En sesión de mañá e tarde ([ver horarios da proba na Resolución da convocatoria](#)).

REQUISITOS PARA PRESENTARSE Á PROBA:

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos os dezoito anos o día anterior á data de realización da proba.
2. Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.
3. Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2022/23 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria nin nas de formación profesional básica.
4. O alumnado matriculado durante o curso 2022/23 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:
 - 4.1. Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

INSCRICIÓN NA PROBA:

As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte papel nos centros educativos que se especifican na resolución, ou por calquera dos medios establecidos no procedemento administrativo común. [Impreso de inscrición](#).

CENTROS ONDE FACER A INSCRICIÓN: [Ver resolución](#).

DOCUMENTACIÓN PARA A INSCRIPCIÓN: [Ver resolución.](#)

PERSOAS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

As persoas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade **que teñan a declaración legal de discapacidade** poderán solicitar a adaptación da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.

MATERIAS DA PROBA

Proba de ámbito científico-tecnolóxico, que inclúe exercicios das materias de:

- Matemáticas
- Bioloxía e Xeoloxía
- Física e Química
- Tecnoloxía
- Aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación Física.

Proba de ámbito social, que inclúe exercicios das materias de:

- Xeografía e Historia
- Economía
- Iniciación á Actividade Emprendedora Empresarial
- Aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual, e Música.

Proba de ámbito da comunicación, que comprenderá os exercicios de:

a) Lingua Galega e Literatura.

- Exercicio de redacción. Na valoración da redacción, terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, o dominio da ortografía e a presentación do escrito.
- Cuestións de Lingua Galega e Literatura.

b) Lingua Castelá e Literatura.

- Exercicio de redacción. Realizarase conforme ao disposto no punto a.1 para a Lingua Galega e Literatura.
- Cuestións de Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua Estranxeira (inglés ou francés).

EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA:

Durante o período de inscrición as persoas que acrediten a súa procedencia doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, poderán solicitar ó Director/a do centro onde realicen a inscrición a solicitude de exención para non seren avaliados nesa proba. O Director/a resolve a concesión ou denegación de dita exención.

NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS: [Ver resolución.](#)

ENLACE CON MATERIAIS DE AXUDA PARA PREPARAR A PROBA:

- [Manual sobre as probas \(editado pola Consellería\).](#)

(Os seguintes materiais son de Educación Secundaria de Adultos, non son específicos para a preparación da proba, pero son unha referencia que pode guiar a preparación)

- [Libros para Educación Secundaria a distancia.](#)
- [Unidades didácticas de Educación Secundaria semipresencial \(Castelá\)](#)
- [Unidades didácticas de Educación Secundaria semipresencial \(Galego\)](#)

ENLACE COAS PROBAS DE CONVOCATORIAS ANTERIORES: [Aquí publicadas](#)

CONVÉN CONSULTAR ESTES ENLACES PARA INFORMARSE ADECUADAMENTE DAS PROBAS:

- [RESOLUCIÓN do 27 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización \(código de procedemento ED540A\).](#)
- [Anexo I: Formulario de inscrición nas probas de 2023.](#)
- [Enlace coa información dispoñible na web da Consellería de Educación.](#)